

José María
 Díaz Castro

[illegible]

Poeta da LUZ

INTRODUCCIÓN

Esta proposta didáctica ten como obxecto proporcionar diversos recursos ao profesorado, que poidan guiar ao traballo sobre o autor homenaxeado nas Letras Galegas deste ano 2014: Xosé María Díaz Castro.

A proposta vai dirixida ao profesorado de Educación Infantil e Primaria e debe ir acompañada dos 10 carteis en formato 70 x 50 que tratan de resumir os aspectos máis importantes da vida e da obra do autor. Debido ao carácter reducido do texto soamente se esbozarán os trazos didácticos básicos a modo de posibilidades de entre as que os/as docentes deberán escoller e adaptar para o seu alumnado.

O fío condutor da exposición está centrado na vida e obra do autor homenaxeado. Así atoparemos carteis con contido que se centra no transcurso da vida do poeta (Carteis, 2, 4, 5, 6, 8 e 9) e outros centrados no traballo sobre a súa obra e nas características básicas da súa poesía (Carteis 1, 3, 7 e 10). Como se apreciará ao longo deste documento trataremos de aproveitar estes dous grandes enfoques para traballar na medida do posible a biografía e a obra dunha maneira unificada. Un apuntamento importante se centra no feito de que mestres e mestras non teñen porque seguir a secuencia presentada de forma lineal senón que sería interesante que o ordenamento dos carteis se adaptase a cada caso en concreto (por exemplo un caso práctico podería comezar co cartel de presentación nº 1 e logo continuar co nº 10 ou co nº 3 para traballar aspectos prácticos da poética do autor e que completan as información do primeiro), é por iso polo que os carteis non teñen numeración, para facilitar así as distintas posibilidades en

cada caso. Ademais disto entendemos que o traballo dos carteis non ten que se levar a cabo facendo unha actividade de cada, senón que na maioría dos casos escolleranse unhas poucas tarefas para traballar o groso da exposición.

A guía oferta o traballo e a creación de diversos tipos de textos (poéticos, informativos, literarios... que en todo caso se han de contextualizar na figura do autor homenaxeado, pero que supoñen unha continuidade co traballo diario de moitas aulas. Deste modo se poderán aproveitar moitas das dinámicas que se traballan de forma cotiá e que non están aquí reflectidas para incorporalas a esta proposta; así por exemplo en Educación Infantil se poderá traballar textos enumerativos a través do nome do poeta e a comparación con outros, de xeito similar a como se fai diariamente. Non habería mellor caso que as achegas persoais que enriquezan este documento e que adapten os contidos a contextos moi diferenciados.


En derradeiro lugar queremos remitir aos lectores e lectoras á web do noso centro coa finalidade de completar o material que aquí se oferta con outros que poden resultar de interese e que iremos publicitando nos vindeiros meses (textos de traballo, fichas didácticas, xogos interactivos...).



CARTEL 1

Este primeiro cartel busca presentar ao autor homenaxeado en relación á celebración do Día das Letras Galegas deste ano. Para o traballo do mesmo recomendamos en primeiro lugar recabar diversas informacións sobre a celebración desta data, así como o repaso dalgúns dos derradeiros autores homenaxeados que os alumnos e alumnas poidan recordar (a este respecto cabe sinalar que algúns destes autores aparecerán noutros carteis da exposición: Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro...).

O lema “Poeta da Luz”, tamén pode guiar diferentes actividades que traten de evidenciar a presenza desta imaxe en moitas das súas poesías e producións. Así poderemos indagar nalgúns das composicións do poeta (Nimbos, Coma Branzas, Borralló, Alfa i Omega, O verme i a estrela, A noite é necesaria...) para rescatar as palabras que se relacionan directamente con esta temática que segundo o estudoso Xosé Luís Méndez Ferrín “...a pouco que o lector incida na obra... darase conta que as imaxes relativas ao luminoso aparecen decote nos seus versos. As verbas “lus”, “lapa”, “nimbo”, “lumen”, resplandor”, “sol”, “lóstrobo”, repítense tanto que forzosamente deberán constituír unha clave simbólica...”. No caso dos máis pequenos faise preciso clarificar o significado da palabra poeta, para iso valerémonos do diálogo e do intercambio de experiencias como forma de achegarnos a este significado. Unha posible forma lúdica podería centrarse na creación de pareados cos nomes dos escritores homenaxeados outros anos ou mesmamente co autor que nos ocupa; tamén sería posible a utilización dos apelidos (sempre en función da dificultade). Algúns exemplos extraídos de



experiencias doutros anos son as seguintes: “Eduardo Pondal o que abre o portal”, “Manuel Antonio ten un moño”, “A Castela gústalle moito o colacao”, “Ramón Cabanillas mercou zapatillas”, “Manuel Murguía durmía de día”, “Ánxel Fole vai ao cole”...

O terceiro elemento que configura o cartel o atopamos nos fragmentos do poema “Coma Branzas” que debuxa a silueta do mapa de Galicia. A inclusión non é casual, xa que pensamos que o poema aborda aspectos fundamentais da poética do autor e que moitos deles han de ser tratados ao longo da proposta que presentamos. Segundo Alfonso Torrado, neste poema “os obxectivos premonitorios da súa arte: “cantar ás cousas”, “ao mundo que lle deron” que é “ancho herdo meu” con palabras que son fachas, que son luz...”. Entre as diversas temáticas que se vislumbran na produción poética do autor atopamos: A poética (Cartel 1), A natureza



(Cartel 3), Galiza (Cartel 10); e por extensión outros temas que aínda que non teñen un tratamento directo si se vislumbran grandes relacións (o tempo e a terra no Cartel 10; o home e a relixión nos carteis 1 e 3). Pensamos que o presente poema amosa varias destas temáticas aínda que de seguro non todas elas terán un tratamento directo nas nosas propostas. Unha boa forma de comezar sería a lectura do poema e a indagación sobre o seu significado así como o das palabras que son descoñecidas. Este poema forma un conxunto con outros dous “Coma ventos fuxidos” e “Nimbos” que configuran a primeira sección do poemario homónimo “Nimbos”. Neles o poeta xa deixa entrever algúns dos elementos nos que ha de basear a súa poética, algúns deles de difícil tratamento nas nosa aula pola súa complexidade, pero o que se pode entrever nestas composicións é a grande perfección buscada polo poeta “Estes non son poemas, nin cimentos de poemas siquera...”, “Poeta ou non eu cantarei as cousas que na soleira de min mesmo agardan...”. Como se verá máis adiante na súa biografía, este perfeccionismo vai provocar que en varias ocasións “perda” de forma máis ou menos intencionada algunhas composicións que polas súas características el consideraba inadecuadas ou directamente que pasen “anos de silencio” antes da elaboración de novas composicións.

A modo de resumo citamos algunhas actividades que poden abrir o traballo sobre o autor homenaxeado e que son:

- Lectura colectiva das imaxes do cartel.
- Búsqueda na rede de diversas informacións sobre a celebración do Día das Letras Galegas e dalgúns dos autores homenaxeados. Realización de diferentes textos coas informacións obtidas.
- Realización de pareados co nome e apelidos do autor ou con outros autores homenaxeados que se recorden (tentativa

de unir estes pareados en composicións máis longas).

- Realización de retratos sobre o autor para unha pequena exposición de aula (pódense escoller retratos de diferentes momentos da súa vida).

- Búsqueda nos poemas do autor de imaxes e palabras que se relacionan directamente coa luz. Nos casos pertinentes indagacións sobre os seus significados.

CARTEL 2

Neste segundo cartel presentamos os datos biográficos relativos aos primeiros anos da súa vida: lugar de nacemento, lugar dos primeiros estudos, nome dos pais, número de irmáns, profesións dalgúns membros da familia... Servirá para contextualizar ao autor nun lugar, nun tempo e nunha época determinada, pero é indudable que deberemos completar a información que alí se reseña con outros datos da súa biografía que nos poidan parecer de interese. A este efecto pódense consultar tanto a bibliografía final como os enlaces recomendados.

A observación do cartel servirá de base para abrir un debate que nos ha de levar pola indagación dos trazos característicos da época e lugar que definen os primeiros anos de vida do poeta. Para iso poderemos comezar nun primeiro momento por situar o lugar de nacemento nun mapa (unha posibilidade e facelo a través das novas tecnoloxías mediante o uso de google maps) ou mesmamente observar os diversos cambios que se deron no propio concello (inicialmente concello de Trasparga) ou as características principais deste (número de parroquias, lugares

emblemáticos, poboación actual...). Na Galipedia atoparemos informacións valiosas sobre a orixe da toponimia, número de parroquias, o patrimonio, os lugares das diferentes parroquias... todo apoiado por imaxes que ilustran os espazos por onde transcorreu a vida do poeta. Outra posibilidade tamén podería ser usar a páxina do propio concello.

Resulta evidente que as imaxes terán un protagonismo especial nesta proposta polo que recomendamos o visionado das imaxes da galería Panoramio, que ten o escultor Raúl Río (creador do busto que ten o poeta na aldea dos Vilares). Recordamos que estas imaxes están situadas en google maps polo que poden ser un complemento idóneo ao traballado con anterioridade. Alí aparecerán a casa natal do poeta, a igrexa dos Vilares, a escola... Como complemento poderemos acudir á web oficial do poeta para visualizar tamén algunhas fotos de xuventude.

O oficio de canteiro levado a cabo por algúns membros da familia, así como algunhas producións (calvario dos Vilares ou as caveiras do cemiterio dos Vilares), poden dar lugar a novas exploracións: Diferencia entre canteiros e pedreiros, ferramentas de traballo e materiais empregados no mesmo, tipo de xornada laboral, marcas usadas nas pedras... A tal efecto ofértase o enlace dun documento en Pdf realizado polo Departamento de Educación do Museo do Pobo Galego, que pode resultar de interese.


Outra posibilidade de achegarnos ao universo dos primeiros anos de Díaz Castro podería ser a exploración do tipo de escola na que lle tocou estudar, creada coa axuda dos emigrantes dos Vilares en Cuba, que no seu día constituíron a sociedade “Juventud de los Villares” para recadar fondos e financiar así o proxecto. Ao noso entender este pode ser un dos capítulos máis fermosos da historia pedagóxica galega, e trae consigo abundantes posibilidades



didácticas xa que non soamente se pode vincular co mundo educativo, senón que de seguro que aparecerán outros temas como a emigración, a situación económica do país... Na páxina oficial do Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) poderemos acceder ás “visitas virtuais” dalgunhas aulas similares ás que frecuentou o poeta na súa infancia. A comparación das características destas en relación coas actuais pode resultar moi interesante (ferramentas utilizadas ou ausencia das mesmas, número de alumnos por aula e idades dos mesmos, organización dos espazos...). A este respecto inclúense tamén algúns enlaces de interese ao final do presente documento.

A exploración do contexto mundial da época pon de relevo datos e acontecementos de vital importancia como pode ser neste caso o comezo da I Guerra Mundial, que coincide co ano de

CARTEL 3



Pensamos que esta temática debe ser aproveitada para profundizar no ceñecemento do universo do poeta e así algunhas actividades poderían ser: a búsqueda de referencias a elementos naturais nos seus poemas, o estudo da flora e fauna típica da zona, a investigación dos elementos megalíticos como mámoas, menhires, domens... (a este respecto inclúense algúns enlaces de interese ao final do presente documento). Atopamos moi poucos topónimos na obra poética de Díaz Castro, especialmente no poemario “Nimbos” (algúns destes topónimos se poden atopar nos poemas citados anteriormente: “Remuíño” ou “Vísperas”), polo que pode resultar de interese rescatalos para situalos xeográficamente ou mesmo indagar sobre a súa etimoloxía. Tamén se pode estender este traballo a outros topónimos de interese dentro da parroquia xa que a investigación sobre o significado dalgúns pode resultar moi interesante (Os Castros, Vilar, A Chousa Grande, O Tarrelo, Rego Pequeno, Requeixo...). No caso do poeta: “O Vilariño”, tamén chamado “Vilariño dos Cregos” xa que nas 3 casas que había na aldea chegaron a vivir ata 9 cregos ou “Fontecrego” onde lle gustaba ao cura ir rezar o oficio divino. Esta investigación

tamén se pode estender á contorna máis cercana dos alumnos e alumnas con traballos específicos sobre a toponimia do lugar.

Un bo xeito de plasmar as indagacións realizadas sobre os elementos citados (toponimia, estruturas megalíticas, fauna, flora...) sería a elaboración dalgún texto expositivo como unha descrición ou un informe que resuma os contidos traballados. O esquema didáctico podería ser o seguinte:

- 1- Selección do tema de estudo de entre os ofertados
- 2- Explicación oral por parte do mestre ou mestra referida á importancia do tema, sentido que ten o seu estudo, activación de coñecementos previos e información xeral das características máis importantes que han de reunir os textos.
- 3- Aportación de modelos. Lectura por parte do mestre de textos relacionados co tema comentando as características textuais, as ideas principais e secundarias...
- 4- Elaboración de guións e esquemas de traballo
- 5- Realización de tarefas de estudo: lecturas, observacións, experimentos, búsqueda de información diversa...
- 6- Preparación do pre-texto: recompilación da información recollida, organización da mesma, resumo e composición do texto escrito que sirva de modelo para os alumnos/as (de forma colectiva)
- 7- Escritura do borrador de forma individual ou en pequeno grupo e corrección do mesmo atendendo a criterios como coherencia do contido, completar a información...
- 8- Reelaboración de borradores e corrección de aspectos gramaticais, ortográficos e de formato e presentación.
- 9- Escrita do texto final.

CARTEL 4



Neste caso centrámonos na seguinte etapa na vida do poeta que transcorre en primeiro lugar en Mondoñedo onde cursará os seus estudos no Seminario e en segundo lugar co seu paso polo exército durante a Guerra Civil. As posibilidades de traballo son moitas e moi variadas xa que poderemos centrar a proposta no contexto da vila e no estudo da mesma a través de búsquedas de diferente tipo: Localización, xeografía, patrimonio, historia... As actividades poden ser moi diversas en función dos nosos intereses e poderán abranguer dende o copiado do escudo de Galicia (Mondoñedo era unha das sete cidades do antigo reino) ata o copiado da receita da tarta típica da vila.

Outra das posibilidades que se nos amosan de interese e a de visualizar aos

persoeiros ilustres nados na vila ou que tiveron unha relación especial con ela. O listado pode resultar bastante amplo: Cunqueiro, Leiras Pulpeiro, Pascual Veiga, Noriega Varela, Díaz Jácome, Iglesia Alvariño, Leal Insua, Crecente Vega, Pastor Díaz, Chao Ledo... Non se trata de traballar polo miúdo senón de visualizar a importancia do contexto na formación intelectual e de amor ao país deste nutrido grupo de eruditos e por extensión de Díaz Castro (en palabras do autor sobre Aquilino Iglesia Alvariño “Foi o primeiro aguillón que me estimulou a apreciar o galego e a escribir nesta lingua”). Unha posibilidade poderá ser a de facer unha orla destes persoeiros.

Resulta complexo achegarse á produción poética desta época xa que como citabamos anteriormente (Cartel 1), os cadernos “perdéronse” de forma intencional polo poeta. É por iso polo que recomendamos visitar a páxina do mesmo para indagar sobre algunhas das primeiras composicións. Neste caso poderemos atopar poemas, algún conto ou mesmo apuntamentos de clase.

Outro dos grandes feitos dentro da vida do poeta foi a súa participación da guerra civil. Poderemos abordar este tema a través de múltiples preguntas cun cuestionario:

- Que é unha guerra civil?
- Canto durou a guerra civil española?
- Que bando gañou?
- Que é unha ditadura?
- Que é unha monarquía?
- Que é unha democracia?

O poeta permaneceu uns días na fronte de Asturias, feito que recordará con grande horror ao rememorar eses días. Como actividade final neste epígrafe propoñemos a lectura de imaxes de diversos cadros que narren os horrores da guerra. Escolleremos os que nos parezan máis

axeitados para as idades que nos ocupan: “El payés catalán en rebeldía” (Miró), “El Guernica” (Picasso), “Construcción blanda con judías hervidas”, “El rostro de la guerra” (Dalí), “Los Fusilamientos del 3 de mayo en la montaña del Príncipe Pío”, “La carga del los mamelucos” (Goya), “Silencio” (Fetisov)...

CARTEL 5

Neste caso o cartel céntrase nos aspectos da vida de madurez do poeta, sendo varias as informacións que se amosan, algunhas relativas ao ámbito familiar e outras en referencia ao ámbito profesional. Afrontaremos o traballo sobre o presente cartel mediante a banda deseñada de descarga libre na web do poeta e titulado “Xosé María Díaz Castro: Versos Guitiricenses” (o enderezo atópase ao final do documento).



Sabemos que a imaxe é un dos canais informativos máis utilizados actualmente e o máis operativo en relación coa recepción de estímulos. Xa dende a propia Educación Infantil, as actividades se amosan en grande medida apoiadas pola imaxe, polo que non debiera ser un problema a introdución deste tipo de textos na aula. Aínda así a nosa proposta persigue unha familiarización progresiva cos elementos que definen este tipo de textos (debuxos, globos, tipografías, onomatopeias...). O horizonte final sería a (re)creación dun cómic (ou fragmento) similar ao presentado, tendo en conta as características do alumnado a quen vai dirixida a secuencia didáctica. Deste modo poderemos comezar, no caso dos máis pequenos, con un número reducido de viñetas con escasa información textual, para pouco a pouco ir avanzando en complexidade ata abarcar a totalidade da obra de referencia.

Algunhas das propostas para o traballo sobre este cartel, poderían ser as seguintes (para máis información sobre o tema, remitimos ao lector á bibliografía citada ao final deste documento):

- Coloreado da banda deseñada orixinal por parte dos alumnos
- Lectura colectiva e comentario de fragmentos do cómic
- Ordenar temporalmente algúns fragmentos ou viñetas desta banda deseñada en relación coa vida do poeta
- Relacionar distintas viñetas con textos descritivos sobre as mesmas.
- Relacionar as viñetas da banda deseñada con fotos reais do autor (a maioría están baseadas sobre imaxes reais da vida do poeta).
- A banda deseñada coa que imos traballar ten unha estrutura maioritariamente narrativa, coa ausencia de globos de diálogo. Isto pode facilitar a substitución das narracións de cada viñeta por outras creadas polo alumnado; tamén poderíamos incorporar algúns globos de diálogos á

banda deseñada orixinal (pegándoos sobre os debuxos).

- Incorporación de onomatopeias á banda deseñada orixinal (previo traballo das mesmas), con traballo directo sobre as tipografías utilizadas na súa incorporación.

- Dramatización colectiva dalgúns fragmentos da banda deseñada.

- Cambio de orde das viñetas da banda deseñada e reelaboración da historia orixinal en novas historias creadas polo alumnado.

- Realización dunha fotonovela sobre a vida do autor.

- Reescritura narrativa da banda deseñada orixinal

- Elaboración libre de cómics sobre fragmentos da vida do autor.

A proposta de traballo abarca a totalidade da vida do poeta, pero sobre este punto temos que dicir que as actividades citadas anteriormente poden ser tratadas sobre o fragmento temporal que nos interesa (neste caso os anos de madurez). Os datos que aparecen no cartel poden ser ampliados con outros que non se inclúen pero que poden resultar de interese (Premio nos xogos florais de Betanzos, publicación de poemas na Escolma de Poesía Galega editada por Fernández del Riego, composición do poemario en castelán “Sombras radiantes”...)

CARTEL 6

O cartel céntrase fundamentalmente na actividade de tradución e na ensinanza das linguas realizada polo poeta nos seus anos de madurez. Xa dende a súa época en Mondoñedo comeza a se interesar polo estudo dos idiomas, pero non será ata

despois da guerra (na súa época en Vilagarcía), cando se centre totalmente no estudo dos idiomas modernos, ao mesmo tempo que imparte clases de latín e de inglés. É neste intre cando decide adicarse á tradución como profesión da súa vida. En palabras do propio poeta a tradución “...é ciencia, pero tamén é arte. Require grandes coñecementos das dúas linguas que interveñen na tarefa... É relativamente doado verquer a outra lingua unha obra científica, pero é moito menos doado traducir unha obra literaria; niste caso fai falla meterse na pel do outro...”. Supoño que será por isto polo que se resistía a facer traducións da súa obra poética, ou mesmo a que outros as fixeran. Si ben é certo que o seu poema “Penélope” conta con varias destas traducións: castelán (polo propio autor), inglés (por Jonathan Dunne), italiano (por Daniela Sotgiu), francés (por Francoise Pechèr), ao maxiar... Pode resultar de interese a análise destas traducións polo alumnado ou mesmo o traballo sobre poemas do autor noutras linguas (“Crucifixión”, “Chanson”, “Je ne sais pas”...).

Un dos útiles fundamentais para o estudo das linguas, son os dicionarios, é por isto polo que a nosa proposta principal para o traballo deste cartel, céntrase na realización dun dicionario de clase que recolla o vocabulario básico e recorrente do autor, con diversas palabras escollidas polos alumnos directamente dos seus poemas. A funcionalidade non a atoparemos soamente no recoñecemento dos vocablos ou o traballo directo sobre os poemas, senón que poderá constituír un grande recurso para resolver diversos problemas relacionados coa lectoescrita: identificación de letras e palabras, corrección na escrita, ampliación de vocabulario, elaboración de definicións... O desenvolvemento da actividade supón: a identificación das palabras coas que traballar dentro do propio poemario, a escritura de palabras e definicións, as correccións colectivas sobre estas definicións, a escritura en limpo e a elaboración dun ficheiro e por último a clasificación e o arquivo seguindo diversos criterios (temático, alfabético, por poemas, por recorrencia...). A actividade pode ampliarse se facemos traducións das verbas e definicións a outras linguas ou mesmamente se no canto de escribilas as recitamos e gravamos o audio. Deste xeito poderemos abordar unha ampla gama de contidos específicos: léxico, coñecementos do sistema alfabético, clasificación e arquivo, escritura, búsqueda en dicionarios ou na rede...

As actividades propostas poden completarse coa búsqueda dos países representados no cartel (mediante as súas bandeiras) e dos seus datos característicos: localización, idioma, moeda, poboación... Outra posibilidade e examinar as edicións bilingües do poemario “Nimbos” (galego-catalán e galego-castelán dos anos 1997 e 1982



respectivamente). Tamén poderíamos crear unha nube de palabras co vocabulario traballado e facer unha exposición coas mesmas a este respecto poderemos usar calquera das plataformas que hai na rede como: wordle (<http://www.wordle.net/>), TagCrowd (<http://tagcrowd.com/>), Tagxedo (<http://www.tagxedo.com/>)...

CARTEL 7



A oferta do cartel radica no traballo da obra do poeta. Se ben é sabido que a produción bibliográfica non foi extensa (soamente contamos co poemario “Nimbos”, incluímos neste caso todas as publicacións que realizou en diversas revistas e periódicos: Dorna, Xermolos, Amencer, Lluvia de Rosas, Alba, La noche, Pregón, Sonata Gallega... En moitos dos casos debemos entender estas publicacións como respostas do poeta ás

pretensións dos amigos, xa que moitos deles exerceron as direccións dos medios onde se publicaron os poemas (como o caso de Tosar con Dorna ou Díaz Jácome con Pregón) ou foron intermediarios para estas publicacións (como no caso de Iglesia Alvariño e Ramón González Alegre que fundara a revista Alba).

Para o traballo da obra do poeta, parécenos de interese recoller as distintas reseñas da mesma aparecidas en diversos xornais e recollidas na páxina do poeta ou na bibliografía mencionada ao final do presente documento. Deste xeito afondaremos nas características doutro tipo de textos como son os textos informativos. O esquema didáctico quedaría configurado do seguinte xeito:

1- Presentación de modelos: Presentar o xornal (completo) na aula como documento informativo escrito: que é, para que serve, como é, que trae, como se organiza o contido (seccións, formato...), cales coñece o alumnado, quen os le, que coñecementos previos teñen acerca dos xornais... Dada a importancia e complexidade deste tipo de textos, será convinte facer estas presentacións en varias sesións (previas ao desenvolvemento das actividades).

2- Selección de noticias: neste caso afrontando as críticas literarias xa citadas, aínda que na páxina do poeta e na bibliografía se poden atopar outras que tamén poden resultar de interese


3- Lectura da noticia: Cabe nun primeiro momento explicitar o obxectivo da lectura (informarse, comprobar informacións, puntualizar datos, contrastar noticias de distintos medios...). Logo tamén procederíamos a ler os titulares da noticias e a comentalas, no caso de ter

fotografía leríamos o pé da mesma... (do mesmo xeito tamén poderemos aproveitar este momento para realizar hipóteses sobre o contido). A lectura íntegra da noticia pode ser realizada tanto polo mestre como polos alumnos de forma individual ou colectiva; en todo caso merece centrar a atención nos datos máis relevantes: que, como, cando, quen, por que, consecuencias... Ao rematar resulta indispensable realizar unha recapitulación oral do lido e comentado, asegurándose de que o grupo enteiro comparte a información básica.

4- Escritura de noticias: Inclúense aquí un amplo rango de posibilidades que tratan de traballar a figura do autor homenaxeado por medio da elaboración de textos informativos. Así, nun primeiro momento, enmarcamos esta creación realizando de forma oral e colectiva un pre-texto (tema, titular, pé de foto, corpo principal da noticia...) sempre atendendo ao esquema de composición das noticias e aos aspectos gráficos e tipográficos. A continuación realizarase a escritura da noticia na que recomendamos o traballo por parellas. Outro paso importante consistiría na lectura colectiva dos textos escritos e a revisión dos mesmos atendendo á coherencia informativa e gramatical. Finalmente as noticias producidas deberán pasarse a limpos coas correccións pertinentes.

Outras actividades de interese poden ser: Escritura de un pé de foto sobre o tema traballado, relacionar pés de foto coas imaxes correspondentes, escritura de titulares de noticia, clasificación de titulares atendendo a diferentes criterios, relacionar titulares co texto dunha noticia...

CARTEL 3



O cartel trata de amosar algunhas das amizades coas que contou o poeta en vida. Loxicamente non se contemplan todos aqueles a quen tratou senón que se escolle unha mostra representativa destes nomes que nos parecen de relevancia para a nosa proposta dentro do propio universo vital do poeta (e tendo en conta as idades que nos ocupan).

Unha primeira posibilidade sería a de examinar a opinións que estas persoas tiñan do poeta. Para iso poderemos valernos de moitos dos seus escritos que unha vez máis se atopan recollidos na web do poeta: Poemas adicados, fragmentos de correspondencia, artigos de opinión, recortes de prensa, palabras pronunciadas no enterro, abundantes fotografías...



Resulta interesante tamén observar como coñece e se relaciona o poeta con estas persoas tendo en conta a traxectoria vital do protagonista. Así poderemos observar como hai amizades que veñen dende os anos mozos do poeta (Iglesia Alvariño, Díaz Jácome), outras que se establecen fora de Galicia (Celso Emilio Ferreiro, Novoneyra), outras que comezan no seu retorno á terra nos oitenta e nas que comeza a haber notables diferencias de idade (Xohán Cabana, Luis González Tosar, Carmen Blanco...) ou incluso algunhas amizades que comezaron na distancia por correspondencia (Carballo Calero). Do mesmo xeito, algunhas das producións destes autores poden ser traballadas de xeito alternativo.

Outra maneira de achegarse aos autores que aquí se reseñan sería a través dun pequeno cuestionario que os alumnos e alumnas tiveran que completar de forma individual ou grupal:

- Cales destes amigos teñen relación coas Letras Galegas?
- Cantos naceron ou viviron na provincia de Lugo?
- Cantos pertencen á RAG?
- A cantos se lle adicou xa o Día das Letras Galegas?
- Cales tiveron relación con Galaxia?
- ...

Como xa citamos, en moitas ocasións a relación do poeta con algúns destes persoeiros foi fundamentalmente de carácter epistolar. É por iso polo que propoñemos traballar este tipo de textos mediante a redacción dunha carta ao poeta. Esta pode ser colectiva (ditada polos alumnos e alumnas) o individual dependendo dos nosos intereses. Sería convinte traballar de forma previa as características destes textos. A este respecto se poden exemplificar con algunhas das cartas que se conservan do autor dirixidas

aos amigos. A secuencia didáctica, podería ser a que segue:

- 1- Selección de situacións favorables que poidan implicar o uso deste tipo de textos (pódese ampliar e actualizar con mensaxes vía email, sms, foros de internet...)
- 2- Observación de modelos de cartas convencionais persoais, de petición, comerciais, de información, de envío de documentos... que se reciben na escola ou mesmamente que se sitúan arredor da vida do poeta. Farase especial referencia á finalidade comunicativa do documento como criterio do contido do mesmo e tamén aos aspectos gráficos, fórmulas de cortesía...
- 3- Intercambio oral colectivo sobre as ideas persoais e coñecementos previos acerca das cartas
- 4- Explicar a consigna, os obxectivos e condicións da tarefa que se vai a realizar
- 5- Lectura tanto por parte do/a mestre/a como polos alumnos e alumnas (data, remitente, presentación...); intercambio oral sobre as expectativas da mensaxe, comentarios e recapitulación do lido
- 6- Escritura do texto, tanto por parte do/a mestre/a seguindo o ditado realizado polos nenos e nenas (especialmente no caso dos/as máis pequenos/as), como a escrita individual ou grupal. Os pasos serán similares aos outros casos (escritura colectiva do pre-texto, elaboración de borradores, corrección dos mesmos atendendo a diferentes criterios como formato, ortografía, estrutura, fórmulas convencionais...)
- 7- Escritura a limpo
- 8- Franqueo e envío

Finamente destacar que como en ocasións anteriores os nomes destes persoeiros amigos do poeta poden ser obxecto de traballo para a realización de

pareados, acrósticos, retratos... ou algúns textos que estes lle adican ao poeta (louvanzas, nenias, poemas... moitos deles recollidos na páxina do poeta).

CARTEL 9



Neste caso o cartel trata de centrarse nos derradeiros anos da vida do poeta. Nel podemos ver como se narra o retorno de Díaz Castro a Galiza, a súa participación en actividades culturais (moitas delas de ámbito local), a súa relación con diversos escritores, o seu ingreso como correspondente na RAG, as publicacións desta época e finalmente o seu pasamento.

Para o traballo sobre este cartel propónse o visionado de 2 pequenos documentais. O primeiro deles “A lus do mundo”

(https://www.youtube.com/watch?v=ij_so

2elqsw), foi realizado polos alumnos e alumnas do IES Díaz Castro de Guitiriz e recolle a participación do seu amigo e biógrafo Alfonso Blanco Torrado ou da escritora Marica Campo. No documental nállanse de forma resumida fragmentos da vida do poeta, acompañados por algúns dos poemas do mesmo, musicados e interpretados polo propio alumnado. O outro documental é “O instante eterno” (<http://www.youtube.com/watch?v=r3wAkEOKAPY>), proxecto de fin de carreira realizado por Xosé Antonio Cascudo, Jessica Rey e Alba Domínguez. Neste documental volve a narrar parte da vida do poeta o seu amigo Alfonso Blanco Torrado, acompañado por outros narradores coma Félix Villares (Docente no Seminario de Mondoñedo), Armando Requeixo (crítico literario que en datas recentes se atopa recomplando a obra completa do poeta para publicala neste 2014), Xosé Luís Méndez Ferrín (expresidente da RAG), Raúl Río (amigo do poeta e autor do busto do mesmo na aldea dos Vilares e representado no cartel). O documental amosa os lugares reais por onde transcorreu parte da vida do poeta, así como numerosas fotos e narración dalgún dos seus poemas. Como complemento aos documentais anteriores, pódese realizar o visionado dun resumo do festival de “Pardiñas” (<https://www.youtube.com/watch?v=gJLcLDYo9ww>), organizado todos os anos pola Asociación Cultural Xermolos e segundo as palabras de Alfonso Blanco do que Díaz Castro era un activo participante. No caso de alumnos de moi baixa idade pódese optar pola reprodución dun pequeno fragmento dos citados documentais ou optar polo visionado das fotografías da web oficial.

A actividade central que propoñemos para o traballo sobre este cartel ten que ver coa realización dun anuncio por parte do alumnado que trate de ofertar a produción poética do autor e coa finalidade de que o público se achegue á súa poesía. A actividade poderá admitir diversos graos de complexidade, en función das idades do alumnado. Así poderemos gravar mensaxes radiofónicos no caso dos máis pequenos nos que interveña soamente a compoñente oral, ata realizar composicións máis complexas para xornais ou carteis para a rúa. En todo caso os aspectos a destacar deberán consensuarse previamente en grande grupo. O esquema didáctico podería ser o seguinte:

- Aportación de modelos: polo mestre/a e polos/as alumnos/as, seleccionados entre diversos medios de comunicación.
- Exposición, lectura e observación colectiva dos materiais aportados. Identificación dos produtos e do contido informativo do anuncio a partires de elementos textuais e do contexto (medio de comunicación do que se trata, presenza de imaxes, recursos tipográficos...).
- Información por parte do/a mestre/a sobre as características da mensaxe publicitaria, textos persuasivos e argumentativos, articulación texto-imaxe, recursos tipográficos...
- Decidir que tipo de texto imos producir (en función das características do alumnado); agrupar alumnos e alumnas, decidir sobre materiais, espazos...
- Elaboración do pre-texto (podemos optar por varias posibilidades)
- Correccións grupais e apropiación do contido do texto e das súas características
- Escritura do texto e elaboración do anuncio (recoméndase usar medios variados)
- Exposición colectiva dos diferentes materiais elaborados. Máxima difusión.


Unha derradeira posibilidade podería

centrarse nunha investigación (individual ou en pequeno grupo) sobre a RAG: que é?, cal é a súa historia?, cando se creou?, onde está a súa sede?, que persoeiros son ou foron membros?, que é un académico numerario?, e un correspondente?...

CARTEL 10



Segundo Alfonso Torrado “Hai na poesía de Díaz Castro, dende o comezo do seu corpus poético, unha presenza determinante de Galicia; nos primeiros libros máis descritiva, xa en Nimbos, verdadeiras sínteses do seu pensar e sentir...”. Tal é a pretensión deste derradeiro cartel, abordar esta temática tan decisiva dentro da poesía de Díaz Castro; e facelo a través dun dos seus poemas máis senlleiros “Penélope”.




O cartel amosa unha interpretación do poema con múltiples debuxos dos nenos e misturados a xeito de collage xunto coa propia escritura do poema. Neste caso os detalles son practicamente literais a excepción dos reloxoos que tratan de remarcar o inmovilismo da escena (paso do tempo). Resulta evidente que un primeiro acercamento podería ser a lectura do poema e que mellor que o propio poeta sexa que a realice (No apartado enlaces ao final deste documento atopamos o enderezo dun vídeo emitido pola RTVG co recitado do propio poeta; xunto a este hai outros enlaces de interese como poden ser o recitado do poema por Manuel María ou a versión musicada do mesmo realizada por Mini e Mero). Aínda así, non debemos desbotar a idea de que os nenos e nenas traten de achegarse ao poema a través da súa lectura, a gravación do mesmo pode resultar un exercicio interesante de cara á pronuncia, articulación, ritmo...

Opinamos que a imaxe presente no propio título “Penélope” en relación ao tema “Galiza”, é unha das sínteses máis logradas que trata de transmitir Díaz Castro. Por iso pensamos que se debe profundizar na personaxe de Penélope para relacionala co poema (recordemos que Penélope tecía de día e desfacía de noite). Indagarase sobre a figura de Penélope e a súa relación coa trama de Homero. A historia poderá ser narrada polo mestre ou mestra mentres que os/as alumnos/as escoitan; no caso dos cursos máis altos, poderán ser os propios nenos e nenas os que lean e dramatizen a historia.

Non debemos esquecer que o anterior trata de achegar a comprensión do poema aos alumnos e alumnas, polo que o traballo directo sobre o mesmo debe guiar a parte central da nosa proposta. En relación co poema os posibles esquemas didácticos son os seguintes:

- Lectura do poema por parte do mestre: subliñando a rima, o ritmo, a musicalidade... Comentario colectivo do sentido do poema, relación coas imaxes poéticas, comentario da súa estrutura
- Localización de palabras descoñecidas e indagacións sobre o seu significado
- Memorización e recitado: Se o poema foi memorizado permítese a actividade de reconstrución de fragmentos desordenados polo mestre usando diversos indicadores textuais (maiúsculas, localizadores temporais...) e por parte dos nenos e nenas de Educación Infantil copiado do título ou dalgún fragmento do mesmo.
- Escritura e reescritura do poema: admite varios niveis de traballo, dende a escritura do título, pasando por actividade de encher ocos ata chegar a reescrita total do poema. Tamén se poden usar variantes creativas mediante o uso de caligramas (de forma similar a outros poemas nos carteis)
- Ilustración colectiva do poema (de xeito similar ao realizado no cartel).
- Dramatización colectiva do poema
- Mixtura de versos deste poema con outros do propio autor
- Reelaboración do poema usando estruturas homosintácticas
- Realización de Acrósticos con algunhas palabras ou versos do poema
- Análise métrica e estilística








En derradeiro lugar soamente nos resta indicar que existen nas producións do autor outros poemas con presenza do tema galego e que poden adquirir protagonismo didáctico nas nosas sesións; por exemplo o poema publicado na revista Dorna “Chove en Galiza”, que pode ser un bo complemento para o traballado ata o de agora, ou os poemas “Terra Sucada”, “Polpa Dorida” e “O berro das pedras”...




Referencias Bibliográficas

- DÍAZ CASTRO, X. Mª; (1961): "Nimbos". Dombate. Editorial Galaxia
- BLANCO TORRADO, A; (1995): "A ascensión dun poeta". Lugo. Fundación Caixa Galicia
- AA. VV. (2011): "Xosé Mª Díaz Castro: Nimbos de luz da insua dos poetas". O Carballiño. Fundación Insua dos poetas. Deputación de Ourense. Xunta de Galicia.
- COSTA RICO, A (2004): "Historia da esducación e da cultura en Galicia: Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo". Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- TARRÍO VARELA, A; (1994): "Literatura Galega: Aportacións a hunha historia crítica". Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- AA.VV, (2000): "El aprendizaje de la lectoescritura desde una perspectiva constructivista" (Vol 1 e 2). Barcelona. Editorial Graó.
- AA.VV. (1998): "Escribir y leer: Materiales curriculares para la enseñanza y el aprendizaje del lenguaje escrito de tres a ocho años" (3 vol). Edevelvives, MEC.
- MORENO, V. (1998): "Va de poesía". Iruela. Pamiela.
- MORENO, V (1994): "El deseo de escribir". Iruña. Pamiela
- TEBEROSKY, A. COLOMER, T. (2003): "Propuesta Constructivista para aprender a leer y escribir". Barcelona. Vicens Vives.

- AA.VV: "Xosé Mª Díaz Castro: Versos Guitiricenses" en "As nosas raíces" (vol 10). Asociación Cultural Xermolos.





Ligazóns de Interese

Web do poeta con multitude de material (fotos, artigos, recortes de prensa, banda deseñada utilizada nesta proposta...)

<http://www.poetadiazcastro.com/>

Web do Condello de Guitiriz, con información acerca do entorno máis próximo ao poeta (parroquias, historia, galerías de imaxes, información sobre as festas típicas...).

<http://www.concellodeguitiriz.com/>

Web do Museo Pedagóxico de Galicia coa posibilidade de realizar unha visita virtual a unha aula similar á que puido frecuentar o poeta

<http://www.edu.xunta.es/mupega/>

"O instante eterno": pequeno documental sobre a vida e obra do poeta.

<http://www.youtube.com/watch?v=r3wAkEOKAPY>

Galería de imaxes feita por Raúl Río (amigo do poeta) en Panoramio, con imaxes de lugares importantes na vida do poeta

http://www.edu.xunta.es/mupega/http://www.panoramio.com/user/5876059?with_photo_id=98141629

"A lus do mundo": pequeno documental sobre a vida e obra do poeta, realizado polos alumnos e alumnas do IES Díaz Castro

<http://www.youtube.com/watch?v=r3wAkEOKAPY>

Web da Asociación Cultural Xermolos coa que colaborou o poeta e que contén material sobre o persoeiro, así como outros que nos poden resultar de interese.

<http://www.xermolos.org/>

Páxina "Tras las huellas de Guitiriz" con informacións moi útiles sobre o concello: demografía, xeografía, toponimia, historia...

<http://traslashuellasdeguitiriz.blogspot.com.es/>

Web da RAG onde poderemos atopar información sobre o Día das Letras Galegas, as figuras homenaxeadas e de forma especial informacións relativas ao poeta Díaz Castro.

<http://www.realacademiagalega.org/inicio>

Enlace a un documento pdf elaborado polo departamento de Educación do Museo do Pobo Galego. Con informacións interesantes sobre este oficio tan significativo na vida do poeta.

<http://www.museodopobo.es/uploads/file/edac-canteiros.pdf>

Karaoke sobre o poema "A lus do mundo", realizado polos alumnos e alumnas do IES Díaz Castro


<http://www.youtube.com/watch?v=iHElQS BQ1eI&feature=youtu.be>

Poema Penélope musicado por Mini e Mero

<http://www.youtube.com/watch?v=LDQGYWPyeos>

Poema Penélope lido polo propio poeta (minuto 7 do vídeo)

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/o-fotografo-manuel-sendon-exposicion-de-anselm-kiefer-a-pintora-maria-puertas>



Páxinas sobre o Megalitismo en Galicia, para descubrir o mundo das mámos, menhires, dolmens... e vivir unha das paixóns de xuventude do poeta.

<http://www.pangalaica.com/megalitismo/index.htm>

<http://oestrymnio.blogspot.com.es/2008/09/megalitismo-galico-potugus.html>

Algúns artigos de prensa que poden ser de utilidade

<http://www.buscavoz.es/search.php?q=diaz+castro>

<http://www.farodevigo.es/buscar/default.jsp?cx=partner-pub-8592438293566705%3A3607877501&cof=FORID%3A10%3BNB%3A1&ie=ISO-8859-15&q=diaz+castro&q1=diaz+castro&sa=>

Vídeo breve sobre a historia de Ulises e Penélope, que pode ser útil para contextualizar o poema homónimo do autor.

<https://www.youtube.com/watch?v=wf3-WHIB3dw>

Enlaces diversos para realizar nubes de palabras en relación ao poeta, tal e como se propón nas guía didáctica.

<http://www.wordle.net/>

<http://tagcrowd.com/>

<http://www.tagxedo.com/>

Programa monográfico adicado ao autor pola Radio Galega no seo do programa Diario Cultural do 2 de xaneiro de 2014.

<http://www.crtvg.es/rg/a-carta/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-02-01-2014-726034>

Vídeo resumo do Festival de Pardiñas no que participou activamente o poeta durante os derradeiros anos.

<https://www.youtube.com/watch?v=gJLcLDYo9ww>

Documento en pdf con distintas estratexias para traballar o uso do dicionario na aula (Cartel 6)

<http://www.latindex.ucr.ac.cr/kanina-29-especial-lex/007-Prado-Estrategias-Diccionario-Aula.pdf>

Unidade Didáctica para Bachelato creada por Armando Requeixo

http://www.aelg.org/resources/didacticpace/units/didactic29/DW_didactic29_1.pdf

Interesante páxina do MEC, con recursos para traballar a prensa na aula.

<http://recursos.cnice.mec.es/media/prensa/bloque7/index.html#>

Debuxos animados sobre a I Guerra Mundial.

<http://www.youtube.com/watch?v=Os3RbQyFPqs>

Caza do tesouro sobre a I Guerra Mundial

http://www.cepaxarquia.org/webquest/caza/soporte_tablon_c.php?id_actividad=885&id_pagina=1

Poemas do autor recitados polo seu amigo o poeta Manuel María. E composición adicada a el.

<https://www.youtube.com/watch?v=6La7YiqWlew&list=PLbnW1WE0nDqxm3mk3ozoLeGB7peOd662P>

<https://www.youtube.com/watch?v=Brpbm eyi7To>

xosé María Díaz castro



Xosé María Díaz Castro



POETA

da

IUZ